

Normativa específica para a simultaneidade do Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Dereito

A Universidade da Coruña, no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta dispoñible, posibilita que un estudante poida cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Dereito e Grao en Administración e Dirección de Empresas, mediante a proposta dun programa conxunto elaborado polas facultades de Dereito e de Ciencias Económicas e Empresariais sobre os planos de estudos oficiais.

Para a posta en marcha do programa conxunto, resulta necesario regular determinados aspectos que contribuirán ao seu éxito, nomeadamente:

Art. 1. Autorización do programa: a Universidade da Coruña autoriza a posta en marcha dun programa de dobre grao proposto polas facultades de Dereito e de Ciencias Económicas e Empresariais que permita simultanear os estudos de Grao en Dereito e Grao en Administración e Dirección de Empresas (en diante “Dobre grao ADE - Dereito”), mediante unha ordenación temporal das diferentes disciplinas que se van cursar a partir dos planos de estudos oficiais e tendo en conta o regulado nos artigos seguintes.

Art. 2. Titulación que se obterá: os/as alumnos/as que superaren o Dobre Grao ADE - Dereito obterán os dous títulos oficiais de Graduado/a en Administración e Dirección de Empresas e Graduado/a en Dereito.

Art. 3. Duración do programa: terá unha duración de once cuatrimestres. O número de créditos necesario para superar o programa será de 396 ECTS, distribuídos da forma que se indica no ANEXO I.

Art. 4. Centro responsable das xestións administrativas do Dobre Grao ADE-Dereito: co fin de facilitar as distintas xestións administrativas relacionadas co expediente académico do estudante, acórdase designar a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais como centro responsable da súa tramitación e custodia; sen prexuízo do que está disposto no artigo 12 desta normativa para o procedemento de expedición de títulos oficiais.

Art. 5. Centro de impartición do ensino: o ensino das materias do dobre grao será de xeito independente ás materias equivalentes no grao de ADE e no grao de Dereito e impartirase cada cuatrimestre no centro que corresponder segundo as materias que se van impartir.

Art. 6. Número de estudantes: para o curso académico 2009–2010 ofértanse 60 prazas. Estas prazas detraeránselle ao 50% das prazas correspondentes á oferta do grao en ADE e grao en Dereito. No sucesivo, o límite será o que oportunamente aprrobe o Consello de Goberno.

Art. 7. Admisión de estudantes

1. A solicitude de admisión para cursar Dobre grao ADE - Dereito realizarase polo mesmo procedemento que para o resto de titulacións ofertadas pola Universidade da Coruña. Porén, para o curso académico 2009-2010 o proceso de adxudicación de prazas realizarao a UDC entre aqueles estudantes que manifestasen o seu desexo expreso de simultanearen as dúas titulacións. Este manifesto realizarase no momento de se matricular, ora ben no Grao en Dereito, ora ben no grao en ADE.
2. Só poderán optar ao programa simultáneo aqueles estudantes que reúnan os requisitos legais de acceso e admisión para ambos os graos.
3. Dado que o Dobre grao ADE - Dereito se vai introducir de xeito gradual e con grupos de docencia homoxéneos, non poderán solicitar a admisión para estes estudos aqueles estudantes que estean a cursar, ben o Grao de ADE ou ben o Grao de Dereito. Isto é, para aqueles alumnos que xa iniciasen un dos dous graos e desexen cursar de forma simultánea

Normativa específica para a simultaneidade do Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Dereito

os seus estudos coa outra titulación, rexerán as normas xerais da Universidade da Coruña sobre simultaneidade de estudos, facilitándolles, na medida do posible, a súa adaptación.

Art. 8. Criterios de matrícula

1. Os/as alumnos/as que cursen estes estudos deberanse matricular a tempo completo. Isto é, o/a estudante matricularase da totalidade dos créditos correspondentes ao curso de que se trate ou dun número mínimo de 72 créditos ECTS, agás no caso de que a cantidade de créditos necesaria para rematar o dobre grao sexa inferior.
2. Para os efectos da posible obtención de bolsas, os/as estudantes deberán sinalar, no momento de formalizaren a súa matrícula, en cal das dúas titulacións desexan ser considerados bolseiros/as.

Art. 9. Realización de exames

As convocatorias de exame das distintas disciplinas realizaranse nas datas que determine o calendario oficial no centro responsable do Dobre Grao, que se axustará ao calendario aprobado polo Consello de Goberno. Os exames serán realizados de xeito diferenciado aos exames do estudantado das mesmas materias matriculado no Grao en ADE ou no Grao en Dereito.

Art. 10. Abandono dunha das dúas titulacións

1. Os/as estudantes, de ser o caso, poderán:
 - Optar por calquera das dúas titulacións iniciadas sempre que teñan aprobada como mínimo unha disciplina do primeiro curso da titulación que vaian cursar, tendo dereito ao recoñecemento dos créditos básicos superados. No caso de non teren superados os créditos básicos da rama de coñecemento de Ciencias do dobre grao, terán que se matricular dos devanditos créditos no caso de optar pola titulación de Grao en ADE.
 - Optar por solicitar praza para iniciar os estudos noutra titulación distinta, seguindo as normas e os procedementos de carácter xeral.
2. Os/as estudantes poderán desistir da súa matrícula de acordo co que dispuxer a Normativa de Xestión Académica que se aprrobe para cada curso académico.

Art. 11. Recoñecementos específicos para estudantes do dobre grao

- Ao alumnado que cursar o dobre grao recoñeceráselle os créditos das disciplinas optativas do dobre grao polos créditos das disciplinas obrigatorias que constan no **ANEXO II** desta normativa, logo de superalas e coa equivalencia en puntos correspondente á cualificación obtida nesas disciplinas obrigatorias.
- O recoñecemento realizarase polo decanato/dirección do centro correspondente. A solicitude do alumno, logo de ser revisada pola administración do centro, resolverase no momento en que o/a estudante supere o total de créditos correspondentes ao plano de estudos do dobre grao, agás os do traballo de fin de grao.
- Na fase final dos planos de estudos deste programa, unha vez superados cando menos un total de 288 créditos incluídos todos os dos tres primeiros cursos, realizarase un Traballo Fin de Grado (12 créditos ECTS) no que serán de aplicación os coñecementos adquiridos en cursos anteriores. Con este o estudante acredita que posúe o dominio do conxunto de competencias xerais e específicas dos dous graos para o desempeño profesional. Este traballo de Fin de Grao deberá estar dirixido por un profesor ou profesores dos departamentos adscritos á Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e á Facultade de Dereito.

Normativa específica para a simultaneidade do Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Dereito

Art. 12. Expedición dos títulos oficiais de Grao

Os/as alumnos/as deberán solicitar a expedición de cada un dos títulos oficiais: Graduado en Administración e Dirección de Empresas e Graduado en Dereito, ante a Administración da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e ante a Administración da Facultade de Dereito, respectivamente e pagarán, en concepto de expedición de cada título, os prezos públicos establecidos na correspondente tarifa do Decreto da Xunta de Galicia polo que se fixen os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario.

Os trámites administrativos que se realizarán en cada unha das Administracións mencionadas serán os mesmos que están establecidos con carácter xeral no procedemento de expedición de títulos oficiais, sen prexuízo de que, por ser a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais a responsable da tramitación e custodia dos expedientes académicos dos alumnos, deberá enviar á Facultade de Dereito, unha vez que cada alumno finalice os seus estudos, a certificación académica asinada que corresponda para que esta poida expedir, por instancia de parte, o título oficial.

Disposición transitoria

Única. Adaptación da dobre Licenciatura en ADE e Dereito: os estudantes que estivesen matriculados da dobre Licenciatura en ADE e Dereito ofertada pola Universidade da Coruña e non finalizasen os seus estudos, poderanse adaptar aos estudos do Dobre Grao, se o solicitaren. O recoñecemento de materias do plano de estudo da dobre licenciatura por materia do dobre grao aparece recollido no **ANEXO III**.

Disposicións finais

Primeira: a Universidade da Coruña resérvase o dereito de non ofertar, para promocións sucesivas, o Dobre grao ADE - Dereito se a demanda destes estudos non se corresponder coa oferta académica anual. Porén, os estudantes matriculados terán garantida a posibilidade de finalizar os seus estudos do dobre grao.

Segunda: corresponderalle á Reitoría, ou Vicerreitoría en que delegue, a interpretación e resolución de cantas cuestións xurdiren en aplicación desta normativa.

Terceira: sen prexuízo do establecido nesta normativa, os trámites académico-administrativos relacionados con estes estudos regularanse pola Normativa de xestión académica correspondente a cada curso académico e pola demais normativa académica vixente da UDC que resulte de aplicación.

Cuarta: as presentes normas serán de aplicación no curso académico 2009–2010 e nos sucesivos cursos académicos.

Normativa específica para a simultaneidade do Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Dereito

ANEXO I

PRIMEIRO:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE	Matemáticas I	Principios de Microeconomía	Análise das Operacións Financeiras	Principios de Macroeconomía	Economía da Empresa: Dirección e Organización	Historia Económica
SEGUNDO CUADRIMESTRE	Fundamentos Romanísticos da Cultura Xurídica Occidental	España na Configuración Histórico – Xurídica de Europa	Dereito Constitucional: Fontes e Dereitos	Teoría do Dereito	Dereito da Persoa	Dereito Penal, Parte Xeral

SEGUNDO:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE	Organización Constitucional do Estado	Dereito da Empresa	Dereito Eclesiástico do Estado	Dereito de Familia	Constitución e Poder Xudicial	Institucións e Ordenamento Xurídico - Administrativo
SEGUNDO CUADRIMESTRE	Matemáticas II	Estatística I	Microeconomía: Mercados e Competencia	Economía Española e Mundial	Contabilidade Financeira I	Introdución ao <i>Marketing</i>

TERCEIRO:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE	Dereito de Obrigas e Danos	Actuación e Bens das Administracións Públicas	Fundamentos de Dereito Financeiro	Dereito Internacional Público	Dereito Sancionador	Dereito do Traballo
SEGUNDO CUADRIMESTRE	Estatística e Introducción á Economía	Política Económica	Macroeconomía e Contorno Empresarial	Contabilidade Financeira II	Teoría do Investimento	Facenda Pública. Sistema Fiscal

CUARTO:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE	Dereito da Unión Europea	Dereito Mercantil: Dereito de Sociedades e de Títulos - Valores	Dereito da Contratación	Dereito Penal, Parte Especial	Dereito Procesual Penal	Dereito Tributario
SEGUNDO CUADRIMESTRE	Econometría	Teoría do Financiamento	Contabilidade de Xestión	Análise Económica das Organizacións	Investigacións de Mercados	Dirección Estratéxica e Política Empresarial I

QUINTO:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE	Dereito Procesual Civil	Dereitos Reais	Dereito Público Autonómico	Dereito Internacional Privado	Filosofía do Dereito	Dereito Mercantil: Contratos Empresariais. Dereito Concursal e Dereito Marítimo
SEGUNDO CUADRIMESTRE	Contabilidade das Operacións Societarias	Sistemas de Información para a Xestión Financeira da Empresa	Deseño Organizativo	Distribución Comercial	Contabilidade Directiva	Planificación Financeira

SIXTO:

PRIMEIRO CUADRIMESTRE	Dereito de Sucesións	Facenda Pública Española. Sistema Fiscal	Dirección Estratéxica e Política Empresarial II	Dirección Comercial	Traballo Fin de Grao (12 ECTS)
-----------------------	----------------------	--	---	---------------------	--------------------------------

Normativa específica para a simultaneidade do Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Dereito

ANEXO II

A) Os créditos das disciplinas optativas do Grao en ADE recoñeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias do Grao en Dereito:

- Dereito da Unión Europea
- Dereito Mercantil: Dereito de Sociedades e de Títulos-Valores
- Dereito Tributario

B) Os créditos das disciplinas optativas do Grao en Dereito recoñeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias do Grao en ADE:

- Política Económica
- Macroeconomía e Contorno Empresarial
- Facenda Pública. Sistema Fiscal
- Contabilidade das Operacións Societarias
- Sistemas de Información para a Xestión Financeira da Empresa

Normativa específica para a simultaneidade do Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Dereito

ANEXO II. Táboa de adaptacións

DOBRE LICENCIATURA ADE-DEREITO	DOBRE GRAO ADE DEREITO
CONTABILIDADE FINANCEIRA E ANALÍTICA	CONTABILIDADE FINANCEIRA I
	CONTABILIDADE FINANCEIRA II
MICROECONOMÍA I	PRINCIPIOS DE MICROECONOMÍA
MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS I
	MATEMÁTICAS II
ECONOMÍA DA EMPRESA: COMERCIALIZACIÓN	INTRODUCCIÓN AO <i>MARKETING</i>
POLÍTICA ECONÓMICA II	POLÍTICA ECONÓMICA
CONTABILIDADE DE SOCIEDADES	CONTABILIDADE DAS OPERACIÓNS SOCIETARIAS
ESTADÍSTICA EMPRESARIAL I	ESTADÍSTICA I
ESTADÍSTICA EMPRESARIAL III	
ESTADÍSTICA EMPRESARIAL I	ESTADÍSTICA I
ESTADÍSTICA EMPRESARIAL II	
ECONOMÍA DA EMPRESA: DIRECCIÓN E ORGANIZACIÓN	ECONOMÍA DA EMPRESA: DIRECCIÓN E ORGANIZACIÓN
ECONOMÍA ESPAÑOLA E MUNDIAL	ECONOMÍA MUNDIAL E ESPAÑOLA
MACROECONOMÍA I	PRINCIPIOS DE MACROECONOMÍA
MATEMÁTICAS EMPRESARIAIS II	MATEMÁTICAS II
ESTADÍSTICA ECONÓMICA III	MÉTODOS ESTADÍSTICOS E INTRODUCCIÓN Á ECONOMETRÍA
INTRODUCCIÓN Á ECONOMETRÍA	
PLANIFICACIÓN FINANCEIRA	PLANIFICACIÓN FINANCEIRA
FACENDA PÚBLICA	FACENDA PÚBLICA. SISTEMA FISCAL
INVESTIGACIÓN DE MERCADOS	INVESTIGACIÓN DE MERCADOS
MICROECONOMÍA II	MICROECONOMÍA. MERCADOS E COMPETENCIA
ECONOMETRÍA	ECONOMETRÍA
CONTABILIDADE XERAL E ANALÍTICA	CONTABILIDADE DE XESTIÓN
DIRECCIÓN FINANCEIRA	TEORÍA DO INVESTIMENTO
	TEORÍA DO FINANCIAMENTO
ANÁLISE ECONÓMICA DAS ORGANIZACIÓNS	ANÁLISE ECONÓMICA DAS ORGANIZACIÓNS
	DESEÑO ORGANIZATIVO
ANÁLISE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS	ANÁLISE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS
MACROECONOMÍA II	MACROECONOMÍA E CONTORNO EMPRESARIAL
DISTRIBUCIÓN COMERCIAL	DISTRIBUCIÓN COMERCIAL
FACENDA PÚBLICA ESPAÑOLA	FACENDA PÚBLICA ESPAÑOLA. SISTEMA FISCAL
DIRECCIÓN COMERCIAL	DIRECCIÓN COMERCIAL
	CONTABILIDADE DIRECTIVA (*)
DIRECCIÓN ESTRATÉXICA E POLÍTICA DE EMPRESA	DIRECCIÓN ESTRATÉXICA E POLÍTICA DE EMPRESA I
	DIRECCIÓN ESTRATÉXICA E POLÍTICA DE EMPRESA II
	SISTEMAS DE INFORMACIÓN PARA A XESTIÓN FINANCEIRA DA EMPRESA (*)
DEREITO ROMANO	FUNDAMENTOS ROMANÍSTICOS DA CULTURA OCCIDENTAL
HISTORIA DO DEREITO E DAS INSTITUCIÓNS	ESPAÑA NA CONFIGURACIÓN HISTÓRICO-XURÍDICA DE EUROPA
DEREITO POLÍTICO I	DEREITO CONSTITUCIONAL: FONTES E DEREITOS

Normativa específica para a simultaneidade do Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Dereito

DOBRE LICENCIATURA ADE-DEREITO	DOBRE GRAO ADE DEREITO
DEREITO NATURAL	TEORÍA DO DEREITO
DEREITO CIVIL I	DEREITO DA PERSOA
DEREITO POLÍTICO II	ORGANIZACIÓN CONSTITUCIONAL DO ESTADO
DEREITO PENAL I	DEREITO PENAL, PARTE XERAL
DEREITO MERCANTIL I	DEREITO DA EMPRESA
DEREITO ECLESIAÍSTICO DO ESTADO	DEREITO ECLESIAÍSTICO DO ESTADO
DEREITO CIVIL IV	DEREITO DE FAMILIA
DEREITO PROCESUAL I	CONSTITUCIÓN E PODER XUDICIAL
DEREITO CONSTITUCIONAL II	
DEREITO ADMINISTRATIVO I	INSTITUCIÓNS E ORDENAMENTO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO
DEREITO CIVIL II	DEREITO DE OBRIGAS E DANOS
DEREITO ADMINISTRATIVO II	
	DEREITO PÚBLICO AUTONÓMICO (*)
FUNDAMENTOS DE DEREITO FINANCEIRO	DEREITO FINANCEIRO
DEREITO INTERNACIONAL PÚBLICO	DEREITO INTERNACIONAL PÚBLICO
DEREITO ADMINISTRATIVO II	DEREITO SANCIONADOR
DEREITO PENAL I	
	DEREITO DA UNIÓN EUROPEA (*)
DEREITO MERCANTIL I	DEREITO MERCANTIL: DEREITO DE SOCIEDADES E DE TÍTULOS VALORES
DEREITO MERCANTIL II	
DEREITO ADMINISTRATIVO II	ACTUACIÓNS E BENS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
DEREITO CIVIL II	DEREITO DA CONTRATACIÓN
DEREITO MERCANTIL II	
DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO	
DEREITO ADMINISTRATIVO I	
DEREITO PENAL II	DEREITO PENAL, PARTE ESPECIAL
FILOSOFÍA DO DEREITO	FILOSOFÍA DO DEREITO
DEREITO CIVIL III	DEREITOS REAIS
DEREITO PROCESUAL I	DEREITO PROCESUAL PENAL
DEREITO FINANCEIRO	DEREITO TRIBUTARIO
DEREITO DO TRABALLO	DEREITO DO TRABALLO
DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO	DEREITO INTERNACIONAL PRIVADO
DEREITO PROCESUAL II	DEREITO PROCESUAL CIVIL
DEREITO CIVIL IV	DEREITO DE SUCESIÓN
DEREITO MERCANTIL II	DEREITO MERCANTIL. CONTRATOS EMPRESARIAIS. DEREITO CONCURSAL E DEREITO MARÍTIMO

(*) As materias do dobre grao *Contabilidade Directiva, Sistemas de Información para a Xestión Financeira da Empresa, Dereito Público Autonómico e Dereito da Unión Europea* non teñen posibilidade de equivalencia con ningunha materia da dobre licenciatura polo que deberán ser cursadas en todo caso.